

PLAN ANUAL DE BIBLIOTECA

PLAN ANUAL DE LECTURA

1. CONSTITUCIÓN DO EQUIPO DOCENTE

Nome	Nivel /Especialidade
M ^a del Pilar Comesaña Costas (persoa coordinadora)	Pedagogía Terapéutica
Begoña Fernández Gómez	Titora 1ºEP
Ana Garín Silva	Audición e Linguaxe

2. OBXECTIVOS A ACADAR AO LONGO DO CURSO 2023-2024

O noso fin prioritario é facer unha biblioteca aberta, viva, dinamizadora de actividades, que sexa espazo de aprendizaxe, de expresión e de lecer.

1. Promover a biblioteca para facer dela un centro de recursos da información, da lectura e da aprendizaxe, dinamizadora da actividade educativa e da vida cultural do centro.
2. Fomentar o uso da biblioteca como un espazo creativo das aprendizaxes onde teñen cabida recursos e linguaxes diferentes (dixital, manipulativo, experimental, radio,...)
3. Potenciar e colaborar no Proxecto anual de centro dentro da dinámica escolar en coordinación coas diferentes comisións (planificación anual de actividades conxunta entre Convivencia, TIC, Normalización Lingüística) facilitando así a procura de recursos e organización de actividades.
4. Abrir a nosa biblioteca ao contorno a través da difusión da cultura xerada no centro: presencialmente nel ou a través de internet.
5. Reforzar as fortalezas do noso alumnado e profesorado, realizando labores de traballo cooperativo, no que cada persoa aporte o mellor de sí mesma. Distribuír os momentos de lecer para titorizacións e formacións voluntarias de alumnos/as “especialistas en” con outros/as compañeiros/as.

3. LIÑAS BÁSICAS DO TRABALLO A REALIZAR E PREVISIÓN DE ACTIVIDADES POR TRIMESTRES.

Actividades e proxectos	Data de realización
Dinamización e promoción dos recursos da biblioteca. Adquisición de novos materiais.	Todo o curso
Formación do profesorado e voluntariado na xestión e uso do programa Meiga	Outubro e novembro
Formación de equipos de voluntarios de 5º e 6º	1º trimestre
Mochilas viaxeiras para todos os niveis de infantil e primaria	De novembro a maio
Apertura da biblioteca durante os recreos co apoio dos equipos de voluntarios	De novembro a maio
Provocacións lectoras inclusivas: solidariedade, respecto, igualdade de xénero, diversidade afectivo-sexual, igualdade de oportunidade, tipos de familias, diversidade funcional.	De novembro a xuño
Provocacións para incentivar a lectura: Samaín, Magosto, Nadal	1º trimestre
Dinamización da páxina web do centro (sección biblioteca) como medio de comunicación e difusión das actividades realizadas, recomendacións ou propostas.	Todo o curso
Organización do espazo físico da biblioteca e espazos próximos a ela con motivos relacionados co proxecto, incluíndo provocacións ao respecto.	Todo o curso
Invítaranse a personalidades das artes e outros ámbitos para que narren a súa profesión e experiencias ao alumnado: escritores, ilustradores, xornalistas.... Así como a persoas relacionadas co proxecto anual de centro.	De novembro a xuño
Realizaránse provocacións lectoras con motivo do Día da Paz, Entroido, día da poesía..	2º trimestre
Celebración da semana da prensa con actividades periodísticas de investigación.	2º trimestre
Realización de diferentes actividades co gallo da celebración da Semana do libro, Semana das letras Galegas, Maíos...	3º trimestre
Realizar visitas guiadas á biblioteca pública.	3º trimestre
Actualización e aprobación do proxecto lector	Maio

4. CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN. INDICADORES

A avaliación do Plan anual de lectura farase en tres fases, atendendo aos seguintes criterios:

Avaliación inicial	Utilizaremos como punto de partida a memoria do curso pasado
Avaliación continua	A partir das necesidades detectadas faremos propostas e rexistraremos as dificultades atopadas.
Avaliación final	Determinaremos o grao de consecución dos obxectivos. Na memoria faremos constar os logros, as dificultades e as propostas de mellora. Avaliaremos as propostas levadas adiante con toda a comunidade educativa.

Criterios de avaliación:

Grao de cumprimento dos obxectivos propostos e de desenvolvemento de competencias
Nivel de implicación da comunidade educativa
Adecuación dos cambios realizados na organización da biblioteca (catalogación de libros, servizo de préstamo, horario de apertura,...),
Mellora no hábito lector e como usuarios da biblioteca
Grao de consecución das competencias básicas

Instrumentos de avaliación:

Enquisas dirixidas a todos os sectores da comunidade educativa sobre o grao de satisfacción, a eficacia da xestión e as actividades organizadas dende a biblioteca.
Elaboración de estadísticas e modelos comparativos a partir dos datos obtidos.
Reunións periódicas dos membros do equipo de apoio á biblioteca, nas que se realice tanto a planificación de tarefas como a avaliación das actividades xa realizadas.
Rexistros de autoavaliación do alumnado, profesorado e resto da comunidade educativa...

Rexistro de datos de lectores e empréstitos.
Materiais elaborados
Observación directa
Libro de rexistro

PLAN DE LECTURA

Obxectivos

Fundamentación (relacionada coas directrices do Proxecto Lector de Centro e o contexto do curso correspondente: necesidades máis urxentes que cómpre atallar, programas nos que está inmerso o centro, etc.).

- ✓ Formar ao alumnado como lectores competentes e crear e consolidar neles o hábito lector.
- ✓ Potenciar a comprensión lectora como base de toda aprendizaxe, como axuda para mellorar a comunicación oral e escrita, e como estímulo do espírito crítico, contribuindo, en definitiva, ao crecemento persoal do alumnado.
- ✓ Integrar as actividades de comprensión lectora no contexto da clase e no traballo diario, respondendo ás características e necesidades propias de cada materia.
- ✓ Traballar a lectura comprensiva conxuntamente coa escritura e a expresión oral en todas as áreas do currículo.
- ✓ Asumir que esta tarefa non é responsabilidade exclusiva das áreas de Lingua, senón que é necesaria a participación de todas as áreas do currículo.
- ✓ Implicar ás familias no obxectivo de elevar a comprensión lectora dos seus fillos e fillas pedindo a súa colaboración.
- ✓ Diseñar actividades de comprensión lectora por áreas, ciclos e cursos que teñan como marco o proxecto de centro.
- ✓ Potenciar a utilización da biblioteca escolar, co emprego dos recursos cos que conta e mantendo unha permanente actualización dos seus fondos.
- ✓ Considerar a biblioteca como factor de compensación social e coma un espazo central da vida diaria do centro como centro de recursos da información, da lectura e do aprendizaxe, dinamizadora da actividade educativa e da vida cultural do centro.
- ✓ Dedicar tempo a ensinar ao alumnado as técnicas de estudo relacionadas coa

comprensión lectora e co funcionamento da biblioteca.

- ✓ Considerar a comprensión lectora como unha materia transversal que implica a todas as áreas, e que se pode traballar de diversos xeitos.
- ✓ Organización de espazos e tempos para a lectura.

Dedicaranse 20 minutos diarios ao longo da xornada escolar que cada titor/a concretará no seu **horario para lectura na aula.**

Propóñense dúas modalidades para realizar esta actividade:

- a) **Lectura individual e silenciosa:** cada alumno/a le un libro da súa elección, xa sexa dos dispoñibles na biblioteca de aula, da biblioteca ou traído da casa. A lectura faise en silencio. O titor/a de cada curso procurará levar un rexistro dos libros que len os rapaces e do tempo que tardan en leros (3º, 4º, 5º e 6º EP), co obxectivo de acadar información sobre os gustos do alumnado, evolución da dificultade de lectura dos textos escollidos, progreso na velocidade de lectura, etc., para ter en conta á hora de realizar futuras adquisicións para as bibliotecas de aula e a biblioteca do centro. Procurarase que a biblioteca de aula estea provista de todo tipo de textos: literarios, expositivos, xornalísticos, gráficos,.. na medida e dificultade acordes ó nivel evolutivo do alumnado.
- b) **Lectura colectiva en voz alta:** un/unha alumno/a le un texto en alto mentres o resto do alumnado segue a lectura en silencio. A quenda de ler en alto vaise rotando no alumnado ó longo dos 20 minutos.

As persoas tiroras terán liberdade de decantarse por unha ou outra modalidade ou de alternar entre as dúas ó longo do curso escolar. A elección dos textos será libre por parte dos alumnos e o/a titor/a que os acompañe na súa escolla procurará que, ao longo do curso, se manexe todo tipo de textos: en soporte impreso e dixital.

No 1º Curso de Educación Primaria, o alumnado aínda non adquiriu a lectura autónoma, polo que se propón que nestes 20 minutos, o membro do profesorado encargado da clase nesa hora, ou ben lle lea un conto ou algún texto á clase ou ben que faga lectura guiada, é dicir, que lea un pouco con cada neno/a.

A biblioteca pon a disposición dos titores deste curso e tamén do outros o uso do visualizador que se atopa conectado ó ordenador da biblioteca e que facilita a lectura compartida sobre todo nos cursos baixos xa que teñen menos competencia lectora.

Ademais cada curso disporá dunha sesión cada semana de traballo na biblioteca. Na que se poderá facer o servizo de préstamo, lecturas individuais, lecturas compartidas, presentación de elaboración propias, traballos....

Liñas de actuación prioritarias en relación co papel da biblioteca escolar no centro.

O equipo de Biblioteca:

- ✓ Comprométese a colaborar activamente cos diferentes niveis de EP e EI do centro á hora de proporcionarlles material didáctico, teórico e práctico, encamiñado á inclusión de actividades de fomento da lectura e comprensión lectora nas distintas programacións.
- ✓ Continuará a catalogación de libros e recursos da biblioteca, así como seleccionar material de nova adquisición que non só se centrará en libros senón en calquera formato e soporte: revistas, xornais, CD-rom, xogos multimedia, etc.
- ✓ Colaborará activamente na posta en práctica das actividades de fomento da lectura ao longo de todo o curso.
- ✓ Levará a cabo a formación dos usuarios da biblioteca de cara ao seu aproveitamento óptimo nas tarefas de busca de información ou lecer.

Sección: Biblioteca de aula

A biblioteca de aula esta integrada por libros de lectura da biblioteca do centro. Cada neno ou nena, e dentro das súas posibilidades, escollerá libros en galego e en castelán guiados/as polos/as mestres/as.

Sempre que se remate de ler un libro, o alumnado cubrirá unha sinxela ficha de lectura ou outro tipo de rexistro a elección do/a mestre/a.

Actividades sistemáticas:

- ✓ Actividades na hora da biblioteca ou na Hora de ler.
- ✓ Actividades de lectura compartida (apadriñamentos lectores, lectura en parella....)
- ✓ Recursos humanos que interveñen nas actividades de fomento da lectura.

Os recursos necesarios son toda a comunidade educativa: titores, especialistas, pais e outros familiares dos nenos/as.

Somos todos e todas os necesarios para a formación integral do alumnado que se desenvolverá a redor da lectura, non só como proporcionadora de coñecementos, senón como proporcionadora de experiencias, inspiradora e motivadora.

A lectura está presente no ámbito educativo e na casa, así que todos participamos da súa importancia.

- ✓ Itinerarios lectores.

- ✓ Actividades programadas e temporizadas:
- ✓ Proxectos documentais integrados, programas de formación de usuarios, campañas de lectura.
- ✓ Actividades puntuais: obradoiros, exposicións, concursos, encontros con autores, celebracións (Día da Biblioteca Escolar, Día do Libro Infantil, Día do Libro, Día da Paz, 8 de Marzo, Semana da prensa, Día das Letras Galegas, Día do Medio Ambiente...)
- ✓ Recursos e materiais

Seguimento e avaliación

Realizarase unha avaliación continuada dos avances ou dificultades da posta en marcha do proxecto e das súas concrecións no plan anual de lectura. Irán enfocados a detectar as disfuncións que se teñan producido na súa aplicación para reformalo nos cursos seguintes.

Para a avaliacións de aspectos relacionados co hábito lector terase en conta non só os índices de lectura, se non tamén a capacidade do alumnado para avanzar na súa competencia literaria e poder enfrontarse a textos cada vez máis complexos, así como a súa actitude ante a lectura como medio para a aprendizaxe, fonte de pracer e recurso para o desenvolvemento persoal.

Instrumentos de avaliación:

- ✓ Probas de avaliación de habilidade e competencia lectora dos alumnos e alumnas.
- ✓ Enquisas relativas á utilización da Biblioteca de Centro e aos hábitos de lectura.
- ✓ Elaboración de estatísticas para comparación con datos posteriores.
- ✓ Memoria final do curso.
- ✓ Elaboración de listaxes dos libros máis lidos e os/as alumnos máis lectores/as.